

## PLENO

**ACTA 2023/02 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO  
CONCELLO DE OROSO DO 09/02/2023.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 9:30 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 3 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 4 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 5 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 6 Alexander Doval Expósito (PP)
- 7 Silvia Suárez García (PP).
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 10 José Manuel Mirás Pulleiro (OR).
- 11 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo. Preside a sesión o Sr. Alcalde D. Luís Rey Villaverde. Asiste o Interventor da Corporación D. Carlos Temprano Temprano. Non asiste a Concelleira D<sup>a</sup>. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE) e a Concelleira D<sup>a</sup>. María Teresa Cendal Inglesias (OR).

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

**I PARTE RESOLUTORIA**

1.-Aprobar definitivamente o orzamento municipal para o exercicio 2023. (Exp. 2022/T004/000005) previa resolución das alegacións presentadas.

2.-Aprobación se procede da participación do Concello de Oroso no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS + 2023" da Deputación Provincial da Coruña (EXP 2022/A008/000040).

3.-Aprobación se procede a participación do Concello de Oroso no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) " POS +ADICIONAL 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios (EXP.2022/A008/000018)

## PLENO

O Sr. Alcalde procede a declarar aberta a sesión. Seguidamente procédese a tratar os asuntos da orde do día.

### 1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

#### **1.-Aprobar definitivamente o orzamento municipal para o exercicio 2023. (Exp. 2022/T004/000005) previa resolución das alegacións presentadas.**

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER que o día 23 de decembro de 2022 foi aprobado inicialmente polo Pleno da corporación o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2023, así como as Bases de Execución, Cadro de Persoal, límite de gasto non financeiro e demais documentación que obra no expediente.

LOGO DE VER que, tal como preceptúa o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 246 de 29 de decembro de 2022 anuncio de exposición ó público para interpoñer reclamacións por prazo de 15 días.

LOGO DE VER que, rematado o prazo de exposición pública, e segundo consta en certificado da secretaría municipal de data 24 de xaneiro de 2023, presentáronse as seguintes reclamacións ao expediente:

Número rexistro xeral	Data rexistro	Apelidos e Nome
2023999000000 34	10 de xaneiro de 2023	Alternativa Oroso actuando como presidente D. Manuel Pazos Gómez e como secretario e portavoz D. Jaime Carneiro Uzal

E DE VER o informe de intervención de data 1 de febreiro de 2023 sobre as alegacións presentadas que sinala nos seus fundamentos de dereito: “Primeiro. O artigo 170 establece a lexitimación activa e as causas para presentar reclamacións nos seguintes termos: Terán a condición de interesados:

- A) Os habitantes no territorio da respectiva Entidade Local.

## PLENO

- B) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da Entidade Local.
- C) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

Segundo. Respecto da lexitimación activa dos partidos políticos cabe mencionar entre outras as Sentencias do Tribunal Supremo de 6 de abril de 2004; de 18 de xaneiro de 2005, de 20 de xaneiro de 2009 e sobre todo a sentenza do Tribunal Supremo de data 3 de marzo de 2014 que confirma en casación o Auto da Audiencia Nacional de 18 de novembro de 2012 que inadmitiu por falla de lexitimación activa o recurso contencioso-administrativo número 400/2012.

O Tribunal Supremo na sentenza anteriormente mencionada confirma en casación o auto da Audiencia Nacional sinalando que:

- A condición de partido político non confire por si soa un plus en orde á súa lexitimación activa nin permite estender o ámbito do preceptivo interese lexítimo de maneira difusa ós obxectivos ou fins de interese de política xeral do partido.
- O feito de que os partidos sexan o cauce da participación política e concorran á formación da vontade popular non é suficiente para conferirlles lexitimación para a impugnación de calquera actividade administrativa senón que é necesario que a medida impugnada poida repercutir directa ou indirectamente pero de modo efectivo e acreditado na súa esfera de partido político e non de maneira hipotética, abstracta, xeral ou potencial

Con base ó anterior

### CONCLUSIÓN:

Procede INADMITIR sen entrar no fondo o asunto o escrito presentado con número de rexistro de entrada 20239990000034 de data 10 de xaneiro de 2023 asinado por don Manuel Pazos Gómez Presidente e don Jaime Carneiro Uzal.”

No uso das atribucións que me confire o artigo 21 da lei reguladora das bases do réxime local e artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, de 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais,

Propónse ao pleno da corporación, previo ditame favorable da Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte acordo:

PLENO

**Primeiro.** Inadmitir o escrito de alegacións presentado por Alternativa Oroso actuando como presidente D. Manuel Pazos Gómez e como secretario e portavoz D. Jaime Carneiro Uzal, contra a aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2023 con número de rexistro de entrada 202399900000034 de data 10 de xaneiro de 2023 polas razóns contidas no informe da intervención municipal de data 1 de febreiro de 2023.

**Segundo.** Consonte co anterior aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2023, así como as Bases de Execución, Cadro de Persoal, límite de gasto non financeiro e demais documentación que obra no expediente

**Terceiro.** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o cadro de persoal e o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos:

**ESTADO DE GASTOS**

Capítulo	Denominación	Orzamento 2023	
		EUROS	
<b>A)</b>	<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>8.265.049,98 €</b>	
<b>.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>6.131.393,08 €</b>	
1	Gastos do Persoal	<b>1.571.995,36 €</b>	
2	Gastos correntes en bens e servizos	<b>3.746.008,93 €</b>	
3	Gastos financeiros	<b>2.300,00 €</b>	
4	Transferencias correntes	<b>794.950,00 €</b>	
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	16.138,79 €	
<b>A.2</b>	<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>2.130.621,03 €</b>	

PLENO

6	Inversións Reais	<b>2.130.621,03 €</b>
7	Transferencias de capital	0,00 €
<b>B)</b>	<b><u>OPERACIÓNs FINANCEIRAS</u></b>	<b><u>3.035,87 €</u></b>
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	<b>3.035,87 €</b>
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b><u>8.265.049,98 €</u></b>

**ESTADO DE INGRESOS**

Capítulo	Denominación	Orzamento de 2023
		EUROS
<b>A)</b>	<b><u>OPERACIÓNs NON FINANCEIRAS</u></b>	<b><u>8.190.714,01</u></b>
<b>A.1</b>	<b><u>OPERACIÓNs CORRENTES</u></b>	<b><u>6.291.162,60 €</u></b>
1	Impostos directos	<b>1.971.819,62 €</b>
2	Impostos indirectos	<b>220.719,52 €</b>
3	Taxas, prezos públicos y outros ingresos	<b>822.080,21 €</b>
4	Transferencias correntes	<b>3.268.943,25 €</b>
5	Ingresos patrimoniais	<b>7.600,00 €</b>
<b>A.2</b>	<b><u>OPERACIÓNs DE CAPITAL</u></b>	<b><u>1.899.551,41 €</u></b>

PLENO

6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	<b>1.899.551,41 €</b>
<b>B)</b>	<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>74.335,97 €</b>
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	74.335,97 €
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>8.265.049,98 €</b>

**Cuarto.** Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Muanuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que en canto ao escrito de alegacións estamos de acordo en canto ao fondo, en canto a inadmitir o mesmo non estamos de acordo xa que se está a utilizar un argumento mais propio de inadmitir un recurso administrativo que unhas alegacións e constitucionalmente se recoñece o dereito á participación.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que o informe emitido polo Interventor da Corporación di o que di pero nos consideramos que o debate sempre é bo e que se debe permitir participar, o feito de non debater non nos parece moi democrático. Nos imos a abster.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que non vai a debater algo que se ten que inadmitir porque se o debatera precisamente o estaría admitindo. Logo cando remate o pleno se queren os membros da oposición lles darei a miña opinión.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: seis ( 5 do PSdeG-PSOE; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: cinco ( 4 do PP e 1 de OR ) adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Inadmitir o escrito de alegacións presentado por Alternativa Oroso actuando como presidente D. Manuel Pazos Gómez e como secretario e portavoz D. Jaime Carneiro Uzal, contra a aprobación

PLENO

inicial do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2023 con número de rexistro de entrada 202399900000034 de data 10 de xaneiro de 2023 polas razóns contidas no informe da intervención municipal de data 1 de febreiro de 2023.

**Segundo.** Consonte co anterior aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico de 2023, así como as Bases de Execución, Cadro de Persoal, límite de gasto non financeiro e demais documentación que obra no expediente

**Terceiro.** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o cadro de persoal e o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos:

**ESTADO DE GASTOS**

Capítulo	Denominación	Orzamento 2023	
		EUROS	
<b>A)</b>	<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>8.265.049,98 €</b>	
<b>.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>6.131.393,08 €</b>	
1	Gastos do Persoal	<b>1.571.995,36 €</b>	
2	Gastos correntes en bens e servizos	<b>3.746.008,93 €</b>	
3	Gastos financeiros	<b>2.300,00 €</b>	
4	Transferencias correntes	<b>794.950,00 €</b>	
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	16.138,79 €	
<b>A.2</b>	<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>2.130.621,03 €</b>	
6	Inversións Reais	<b>2.130.621,03 €</b>	

PLENO

7	Transferencias de capital	0,00 €
<b>B)</b>	<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>3.035,87 €</b>
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	<b>3.035,87 €</b>
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>8.265.049,98 €</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

Capítul o	Denominación	Orzamento de 2023	
		EUROS	
<b>A)</b>	<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	<b>8.190.714,01</b>	
<b>A.1</b>	<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>6.291.162,60 €</b>	
1	Impostos directos	<b>1.971.819,62 €</b>	
2	Impostos indirectos	<b>220.719,52 €</b>	
3	Taxas, prezos públicos y outros ingresos	<b>822.080,21 €</b>	
4	Transferencias correntes	<b>3.268.943,25 €</b>	
5	Ingresos patrimoniais	<b>7.600,00 €</b>	
<b>A.2</b>	<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>1.899.551,41 €</b>	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €	



PLENO

7	Transferencias de capital	<b>1.899.551,41 €</b>
<b>B)</b>	<b>OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>74.335,97 €</b>
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	74.335,97 €
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>8.265.049,98 €</b>

**Cuarto.** Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma

**2-Aprobación se procede da participación do Concello de Oroso no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS + 2023” da Deputación Provincial da Coruña (EXP 2022/A008/000040).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER as Bases Reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “POS +2023” publicado no BOP de A Coruña nº 228 do 1 de decembro de 2022.

E DE VER a circular da Deputación Provincial da Coruña de novembro de 2022 polo que se comunica que o Pleno daquela aprobou as bases reguladoras do PLAN ÚNICO DE CONCELLOS( POS +2023) e que ao Concello de Oroso correspóndelle unha asignación de 483.911,37 € repartida da seguinte maneira:

ASIGNACIÓN POS +2023	Achega provincial 2023	Achega provincial 2022	Préstamo provincial 2023	TOTAL
	245.240,78 €	233.561,41 €	5.109,18 €	483.911,37 €

*LOGO E VER a Providencia de Alcaldía do 27.01.2023 pola que se ordena aplicar á Achega provincial 2023 o seguinte importe para o financiamento dos gastos correntes orixinados polos seguintes servizos municipais obrigatorios:*

- Persoal directamente adscrito ao servizo de limpeza viaria por importe de 83.177,26 euros

PLENO

- Persoal directamente adscrito ao servizo de biblioteca por importe de 72.323,25 euros.
- Gastos en servizos correntes de alumado público por importe de 49.005,00 euros
- Gastos en servizos correntes de pavimentación de vías públicas por importe de 110.000 euros.

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	245.240,78 €
Achega provincial 2022(Excepción da Base 2.2 final)	0
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>245.240,78 €</b>

*E DE VER que na mesma Providencia de Alcaldía se ordea incluír no POS +2023 os investimentos seguintes:*

Achega provincial 2022:

- Mellora de rede viaria nos lugares de Penateixa (A Gándara),O Formigueiro(Senra) e Cas e Casas Novas (Os Anxeles).
- Renovación da instalación de alumado exterior do entorno da Praza Alexandre Bóveda

Complementario:

- Mellora de rede viaria nos lugares de Vilacide de Arriba (Oroso), O Franco(A Gándara), O Cano (Trasmonte) e Bouzalonga (Deixebre).

*E DE VER que na mesma Providencia se propón non solicitar préstamo provincial para a redución da débeda coas entidades financeiras xa que a débeda pendente é de contía moi inferior á cantidade asignada neste apartado. S.A.*

*E DE VER o proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de Penateixa ( A Gándara),O Formigueiro(Senra) e Cas e Casas Novas(Os Ánxeles), redactado pola Arquitecta Técnica Municipal D<sup>a</sup>. Yolanda García Fachal. e por importe de 108.337,17 euros.*

*E DE VER o proxecto Proxecto de Renovación da instalación de alumado exterior do entorno da Praza Alexandre Bóveda en Sigüeiro, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, don Martín Lema Pose e por importe de 125.224,24 euros*

## PLENO

E DE VER o proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de Vilacide de Arriba (Oroso),O Franco(A Gándara), O Cano (Trasmonte) e Bouzalonga (Deixebre) redactado pola Arquitecta Técnica Municipal D<sup>a</sup>. Yolanda García Fachal.e por importe de 196.604,05 euros

LOGO DE VER o informe técnico favorable sobre o Proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de Penateixa ( A Gándara),O Formigueiro(Senra) e Cas e Casas Novas(Os Ánxeles), emitido polo Arquitecto municipal o 26.01.2023.

E DE VER o informe técnico favorable sobre o Proxecto de Renovación da instalación de alumeado exterior do entorno da Praza Alexandre Bóveda en Sigüeiro, emitido polo Arquitecto Municipal o 26.01.2023.

E DE VER o informe técnico favorable sobre o Mellora de rede viaria nos lugares de Vilacide de Arriba (Oroso),O Franco(A Gándara), O Cano (Trasmonte) e Bouzalonga (Deixebre) emitido polo Arquitecto o 26.01.2023.

LOGO DE VER o informe da Secretaría da Corporación, do 31.01.2023 no que se informa favorablemente a inclusión no POS +2023 o proxecto de Mellora de rede viaria nos lugares de Penateixa ( A Gándara),O Formigueiro(Senra) e Cas e Casas Novas(Os Ánxeles ) e o proxecto de Renovación da instalación de alumeado exterior do entorno da Praza Alexandre Bóveda en Sigüeiro, , para incluír na Achega provincial 2022;e o proxecto de Mellora de rede viaria nos lugares de Vilacide de Arriba (Oroso),O Franco(A Gándara), O Cano (Trasmonte) e Bouzalonga (Deixebre) para incluír como complementario.

*TENDO EN CONTA que o POS+2023 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.*

*TENDO EN CONTA que, conforme ao artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, trátase dunha delegación de competencias municipais.*

*TENDO EN CONTA que, conforme establece o artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.*

*TENDO EN CONTA que en cumprimento do disposto no artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o*

PLENO

expediente deberá ser previamente estudiado pola Comisión informativa de asuntos do Pleno.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno:

PRIMEIRO. PARTICIPAR no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +2023”, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022”.

A)Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	245.240,78 €
Achega provincial 2022(Excepción da Base 2.2 final)	0
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>245.240,78 €</b>

B)Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022(Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible ( só abastecemento auga potable)	Total Concello		
Mellora de rede viaria	108.337,17		- €	0	108.337,17

## PLENO

nos lugares de Penateixa (A Gándara), O Formigueiro (Senra) e Cas e Casas Novas (Os Anxeles)	€	- €			€
Renovación da instalación de alumeado exterior do entorno da Praza Alexandre Bóveda	125.224,24 €	- €	- €	0	125.224,24 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	233.561,41 €	- €	- €	0	233.561,41 €

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

## RESUMO

POS +2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total Concello	Orzamento total
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega a 2023</b>	245.240,78 €	€	€	€	245.240,78 €
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega a 2022</b>	233.561,41 €	€	€	€	233.561,41 €
<b>TOTAL</b>	<b>Achega a 2023</b>	245.240,78 €	€	€	€	245.240,78 €
	<b>Achega a 2022</b>	233.561,41 €	€	€	€	233.561,41 €
	<b>TOTAL</b>	478.802,19 €	€	€	€	478.802,19 €

SEGUNDO. APROBAR o Plan complementario do ano 2023 no que se inclúen o investimento financeiramente sostible que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación dos investimentos financeiramente	(A)	(B)	(C= A-B)
--	-----	-----	----------

## PLENO

sostibles(mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	Orzamento contrata	IVE soportado deducible	Orzamento subvencionable
Mellora de rede viaria nos lugares de Vilacide de Arriba (Oroso), O Franco(A Gándara), O Cano (Trasmonte) e Bouzalonga (Deixebre)	196.604,05 €		196.604,05 €
<b>TOTAIS</b>	<b>196.604,05 €</b>	<b>€</b>	<b>196.604,05 €</b>

*TERCEIRO. DECLARAR que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

*CUARTO. COMPROMETERSE a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS +2023 Base, se a houbera.*

*QUINTO. SOLICITAR da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

*SEXO: DECLARAR que o Concello de Oroso non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.*

*SÉTIMO. AUTORIZASE á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*OITAVO. FACULTAR expresamente a Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”*

*Ábrese unha quenda de intervencións.*

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o POS 2022 eran mais de 500.000 euros o POS 2021 eran mais de 600.000 euros, no 2020 mais de 400.000 euros e no ano 2019 eran 700.000 euros polo tanto desde o ano 2019 o POS para o Concello de Oroso está diminuíndo. No pos 2021 dedicáronse 171.000 euros a gasto corrente, neste ano 256.000 euros o que significan que se minoran os gastos de inversión, e se ben é certo que as veces son gastos socialmente aceptados o certo é que reducen os gastos de

## PLENO

inversión. En canto ás obras que se conteñen, poñen de manifesto que os Concellos non so este teñen que dedicar un gran importe a conservación de vías públicas, neste caso mais de 400.000 euros. Entendemos por exemplo que existen outros gastos como o carril bici que son 300.000 euros e consideramos que é unha obra que non se vai a usar e é case o mesmo que se gasta no POS en obras. En canto á obra contida de aforro enerxético que se contén no POS consideramos que se podería financiar con outras subvencións como por exemplo as axudas do IDAE.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o Sr. José Manuel Mirás Pulleiro na súa intervención fixo referencia a que o financiamento do POS variou nos derradeiros anos, e iso non depende do Concello se non da Deputación, agora ben, o que si depende do Concello é a onde se dedican os cartos do POS, e neste Concello os goberno sempre presumía de que o POS íntegramente se dedicaba a inversión e este ano xa non é así. En canto á obra de aforro enerxético, como xa dixen na Comisión Informativa existen outras subvencións coma a do IDEA que este Concello non solicita e que outros concellos si. En canto ao resto das obras, nos faríamos outra priorización pero como xa dixemos mais veces non imos a votar en contra de inversións que se fagan no noso Concello.

Toma a palabra D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen sinala que tradicionalmente destinábase íntegramente o POS a inversión pero temos que ter en conta a situación. Vimos dunha pandemia, logo unha guerra e unha inflación moi alta polo que temos que replantexarnos as nosas prioridades para atender ás necesidades da xente e parte do gasto ordinario non deixa de ser tamén obras. Evidentemente cada un ten as súas prioridades pero hai moitas obras que xa se están a executar e outras moitas que virán que isto non para. Afirma igualmente que se alegra de que por fin encontraran a solución ao que dixeron na Comisión Informativa de que había un erro no cadro da proposta de acordo do POS, as comisións informativas non so duran cinco minutos se non que as cousas se teñen que preparar para non meter a pata.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que non poden xustificar o POS cos males do mundo. O certo é que a rede viaria do Concello consume moitos recursos este ano son 400.000 euros, pero o ano que ven será outro gasto semellante noutra pista, deste xeito o Concello carece de recursos para facer outro tipo de inversións, se a iso lle engadimos que o Concello ten uns gastos de representación elevados derivado das dedicacións dos concelleiros e igualmente uns gastos lúdicos tamén elevados, aínda que estes gastos sexan socialmente aceptados a realidade é que logo os gastos en determinadas inversións se demoran no tempo.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que como di José Manuel Mirás Pulleiro efectivamente houbo unha pandemia o que provocou que esta fora unha lexislatura rara, pero tampouco se pode xustificar todo na guerra ou no alza de prezos. Nada que dicir en relación ao

## PLENO

gasto corrente na biblioteca pero sabemos porqué poñen 110.000 en estradas porque fixeron o mesmo o ano electoral anterior.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) sinala que se D. Alexander Doval Expósito considera que a alza de prezos nada ten que ver coas obras...Acaso non ten nada que ver a alza de prezos co incremento de custo da obra no Centro Cultural ou na piscina?. Claro que ten que ver, todo esta moito mais caro. Sinala que o que lle preocupa é que desde que se fixo o proxecto ata que se licita pasaron seis meses e poden subir moito os prezos, seguimos nunha situación especial e a verdade é que el firmaría que non subiran mais dun 10%.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que cando se traen cifras ao Pleno se ten que facer ben os deberes xa que D. José Manuel Mirás Pulleiro fala dun POS pero obvia que existen dous e que este ano habrá outro e andaremos entornao aos 800.000 euros ou 1.000.000 de euros que é parecido ao do ano pasado. Considera que todos os gastos son necesarios, poden gustar mais ou menos pero son necesarios. Afirma que non lle chegou ningunha proposta de inversión ou de gasto por parte dos grupos da oposición. Saben que fixemos unha rebaixa fiscal e que subiron os prezos e por iso é necesario que usemos o gasto corrente. Xa o dixo o interventor, que estamos moi por baixo do ratio de carga fiscal tanto en Galicia como en España. No pleno do orzamento nos dixeron que tñamos que inverter mais en aforro enerxético e agora o critican. Podemos adiantar que estamos traballando nese aforro enerxético pero non pedirmos a subvención do INEGA xa que teríamos que adiantar o diñeiro e é moita cantidade, pero si estamos a traballar noutras liñas. Considera que hai cousas que se din que non teñen sentido, como por exemplo o carril bici que si se chega a facer ao lado do río como dicía José Manuel Mirás Pulleiro agora mesmo xa estaría afundido. E por último a pregunta que fixeron na Comisión Informativa xa queda perfectamente clara, se indica na proposta de acordo o gasto corrente que vai a ter o Concello e que parte dese gasto é o que se lle solicita á Deputación, por iso non coinciden as cantidades pero non porque exista un erro, preguntar iso é como estar en bachiller e facer preguntas de primaria. En canto a que se poñía todo en inversión, iso se facía cando non se podía tocar o remanente pero non nos enganemos se poñemos dous millóns en inversión cos medios que temos non daría tempo a licitalo todo, xa podemos poñer 25 millóns que logo non seríamos quen de executalo.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: dez ( 5 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: unha ( 1 de OR )

**PRIMEIRO. PARTICIPAR** no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +2023”,



## PLENO

da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022”.

C) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	245.240,78 €
Achega provincial 2022(Excepción da Base 2.2 final)	0
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>245.240,78 €</b>

D) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022(Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible ( só abastecemento auga potable)	Total Concello		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible ( só abastecemento auga potable)	Total Concello	Orzamento total
Mellora de rede viarios lugares de Penateixa (A Gándara),O Formigueiro(Senra) e Cas e Casas Novas (Os Anxeles)	108.337,17 €	- €	- €	0	108.337,17 €
Renovación da instalación de alumeado exterior do entorno da Praza Alexandre Bóveda	125.224,24 €	- €	- €	0	125.224,24 €
<b>Subtotal</b>	<b>233.561,41</b>		<b>- €</b>	<b>0</b>	<b>233.561,41</b>

